

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

IES VIRXE DO MAR (NOIA) - **15010812**

**CURSO 2021-2022**



# Índice

INTRODUCCIÓN.....	4
CAPÍTULO I.....	5
1. PLAN ANUAL.....	5
1.1. Un espazo saudable para todos os membros da comunidade educativa.....	5
1.2. Actividade académica.....	5
1.3. Participación e comunicación entre os membros da Comunidade Educativa.....	6
1.4. Atención a Diversidade.....	7
1.5. Fomento e mellora da competencia lingüística.....	8
1.6. Potenciación de Linguas Estranxeiras.....	8
1.7. Fomento do emprego de ferramentas TIC.....	9
1.8. Colaboración cos centros educativos da contorna e con outras entidades: EOI, Concello, Administración, empresas .....	10
1.9 Afondar na coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.....	10
2. HORARIO XERAL DO INSTITUTO.....	11
2.1. Horario lectivo do centro.....	11
2.2 Horas e condicións da dispoñibilidade das instalacións para outros usos.....	12
2.3 Horario de verán.....	12
3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	13
3.1 Paradas do transporte escolar do IES Virxe do Mar.....	13
4. DATOS DA MATRÍCULA.....	16
CAPÍTULO II.....	17
5. DOC (DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO).....	17
CAPÍTULO III.....	18
7. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	18
8. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.....	18

9. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	20
10. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO.....	21
11. PLAN ANUAL DE LECTURA.....	24

## INTRODUCCIÓN

O IES Virxe do Mar, o noso centro é un referente cultural e académico dende a súa creación no ano 1928, tanto para Noia como para os concellos veciños, aquel Instituto de Ensino Medio, máis tarde Instituto Nacional, veu truncada a súa brillante traxectoria de plena integración na nosa Vila coa Guerra Civil.

As xestións municipais retomaron a xestión dun instituto para Noia, logran os seus froitos, e con data de 7 de Setembro de 1951 aparece publicado o Decreto que nos permite unirnos outra vez ao tren da cultura que unha vila como Noia merecía. Non dá tempo de poñer a andar o Instituto ese mesmo ano, pero no seguinte curso, 1952-1953, iníciase esa longa marcha que nos leva a celebrar no vindeiro curso, 2022-2023 o 70 aniversario.

## CAPÍTULO I

### 1. PLAN ANUAL

#### 1.1. Un espazo saudable para todos os membros da comunidade educativa.

Este curso 2021-2022, aínda marcado pola pandemia, ten que seguir as resolución conxunta das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aprobou o Plan de Adaptación ao contexto COVID-19 (última actualización o 1 de outubro), que ten como accións principais as medidas de prevención, hixiene e protección fronte a pandemia, así como o Plan de Continxencia ante posibles gromos.

Obxectivos específicos:

- Actualizar o Plan de Adaptación á Situación Covid-19 e o Plan de Continxencia do centro, e implicar a toda a comunidade educativa no seu cumprimento.
- Aproveitar ao máximo as horas lectivas presenciais, prevendo a posibilidade de un ensino non presencial, que dificultaría a ensinanza-aprendizaxe.
- Potenciar o uso por parte do profesorado dos medios de comunicación telemática proporcionados pola Consellería de Educación, así como a aula virtual. Para isto, o profesorado de cada materia ou módulo experimentará co alumnado o uso destes medios, a empregar no caso de ter que desenvolver un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia.
- Proporcionar formación a todo o profesorado que o necesite para impartir docencia telemática en caso de confinamento.
- Posta en marcha da materia optativa de 1º de ESO “Promoción de estilos de vida saudables”.
- Realizar, na medida do posible, as reunións do profesorado de xeito telemático.
- Actualizar os medios TIC do centro, na medida das posibilidades.

#### 1.2. Actividade académica

Os nosos obxectivos e liñas de actuación para o curso, serán os seguintes:

- Realizar avaliacións iniciais, tanto en ESO como en 1º de Bacharelato, a mediados de outubro, que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
- Avaliar periodicamente os resultados académicos nas distintas ensinanzas do centro, para facer as propostas de mellora necesarias.
- Conseguir un adecuado clima de estudo e convivencia na aula e no centro como medio para elevar os resultados académicos.
- Prestar especial atención ao alumnado con carencias no proceso de aprendizaxe e integración.
- Facer un seguimento periódico do alumnado con materias pendentes.
- Desenvolver un traballo de seguimento e actualización dos documentos do centro, en especial aos afectados polos cambios normativos: Concrecións Curriculares, Plan de atención a diversidade, Normas de Organización e Funcionamento, Plan Dixital ...
- Desenvolver os diferentes proxectos e plans nos que participa o centro: Proxecto EDIXGAL, Plan Proxecta (Alimenta-T ben, Quérote+), PLAMBE, ...
- Promover a aprendizaxe de linguas estranxeiras, tanto nas clases de idioma como nas seccións bilingües.
- Organizar a “Semana Cultural”, que pola pandemia non se puido celebrar en 2020, e en 2021 tivo que reducir as súas actividades. Durante esta semana todo o alumnado pode participar en actividades, talleres, conferencias, cine, teatro, pintura, concertos musicais, competicións deportivas, ...

### **1.3. Participación e comunicación entre os membros da Comunidade Educativa**

Promoveremos unha maior implicación dos membros da Comunidade Educativa no proceso de aprendizaxe do alumnado, tendo en conta a situación sanitaria, os nosos obxectivos, liñas de actuación e recursos para o curso, serán os seguintes:

- Promover unha maior implicación dos pais/nais do alumnado no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as, tendo en conta a situación sanitaria, evitaremos as reunións presenciais cos titores/as e co equipo directivo, manteremos o contacto a través da plataforma ABALAR, da páxina Web do centro e atendendo as citas de titorías, nas que os titores/as comunican a información sobre o seu alumnado, principalmente, mediante chamadas telefónicas ás familias que o solicitan.

- Promocionar a labor do Departamento de Orientación: o Plan de Acción Titorial, e información sobre os itinerarios formativos mais axeitados aos intereses do alumnado, tanto durante a súa escolarización no Centro como ao remate dos seus estudos.
- Difundir e aproveitar as posibilidades comunicativas do Espazo ABALAR.
- Facilitar unha comunicación fluída entre pais/nais e titores e profesorado en xeral.
- Reiniciar o retorno “a normalidade”, facendo unha reunión presencial cos pais/nais do alumnado de 1º de ESO, de forma escalonada por grupos e aplicando as medidas sanitarias incluídas no protocolo, co fin de mostrar o funcionamento do centro e presentar os titores/as dos seus fillos/as.
- Potenciar a comunicación coas familias para atallar o absentismo escolar.
- Coordinar o funcionamento dos Órganos de Goberno e Coordinación Docente.
- Impulsar o funcionamento da Xunta de Delegados.
- Dar publicidade de toda a información que lle afecte á comunidade educativa na páxina web do centro.
- Fomentar a convivencia e participación no Centro difundindo as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC).
- Conseguir a máxima representación de todos os sectores no Consello Escolar.
- Potenciar medidas específicas cara á igualdade de xénero e a non discriminación. O centro oferta unha materia de libre configuración en 2º de ESO, denominada “Igualdade de Xénero”.
- Actuar de forma decidida e contundente contra o acoso escolar.

#### **1.4. Atención a Diversidade.**

Para poder manter unha atención especial ao alumnado con dificultades de aprendizaxe e integración, propóñense os seguintes obxectivos e liñas de actuación:

- Desenvolver e aplicar o Plan de Xeral de Atención a Diversidade.
- Coordinar ao profesorado que leve a cabo actuacións relacionadas con medidas de atención á diversidade e reforzos educativos.
- Dispoñer horas de reforzo en competencia lingüística e en competencia matemática, contando co traballo do PT para alumnado con NEAE.
- Impulsar o seguimento mensual pola Xefatura de Estudos e titores/as de nivel xuntamente co departamento de orientación.
- Ter en conta o alumnado con dificultades de aprendizaxe e integración no deseño de actividades, facilitando a súa participación.

## 1.5. Fomento e mellora da competencia lingüística

Co fin da mellora da competencia lingüística en Lingua Galega e Lingua Castelá, propóñense os seguintes obxectivos específicos e liñas de actuación, que deben contar coa participación activa de toda comunidade educativa:

- Fomentar o uso da lingua galega no Centro, apoiando as iniciativas que para tal fin elabore o profesorado dos diferentes Departamentos Didácticos e o Equipo de Dinamización Lingüística.
- Mellorar a comprensión lectora do alumnado, a través das actuacións coordinadas entre distintos departamentos.
- Fomentar o gusto pola lectura entre o alumnado, retomando o uso da biblioteca, actualizando o plan de Lectura Anual e o Proxecto Lector.
- Mellorar a capacidade lectora e a súa transmisión en público. O centro oferta a materia de libre configuración denominada “Oratoria” en 2º de ESO.
- Desenvolver a capacidade crítica na interpretación de textos escritos.
- Actualizar e manter ás subscricións ás publicacións periódicas segundo criterio do profesorado e o equipo de biblioteca.

## 1.6. Potenciación de Linguas Estranxeiras

Outro obxectivo xeral será promover a aprendizaxe de linguas estranxeiras, tanto nas clases de idioma como nas seccións bilingües, para a súa consecución os obxectivos específicos e liñas de actuación serán:

- Potenciar a aprendizaxe de linguas estranxeiras, facendo desdobramentos dos grupos máis grandes, de francés (2º de ESO) e en inglés (2º de ESO, 1º Bacharelato e 2º de bacharelato).
- Promover as SECCIÓNS BILINGÜES (inglés) entre o alumnado que, aprobadas pola Administración Educativa, anualmente se desenvolven no centro. Temos sección bilingües en 3º ESO na materia de Plástica e en 1º de Bacharelato na materia de Filosofía.
  - 3º ESO. Educación Plástica Visual e Audiovisual (inglés): 37 matriculados/as
  - 1º BACH. Filosofía (inglés): 36 matriculados/as
- Neste curso contamos cunha auxiliar de conversa, polo farase un seguimento do su traballo, e unha valoración do aproveitamento por parte do alumnado das actividades realizadas.



- Potenciar a materia optativa de Francés no Bacharelato.
- Preparación do alumnado por parte do profesorado de linguas estranxeiras para que poida presentarse a probas libres de nivel.
- Informar á comunidade educativa que no centro funciona pola tarde una Sección da Escola Oficial de Idiomas de Santiago.

## **1.7. Fomento do emprego de ferramentas TIC**

En canto as Tecnoloxías da Información e da Comunicación teremos que levar a cabo os seguintes obxectivos e liñas de actuación, en colaboración co equipo TIC:

- Definir e coordinar as tarefas dos membros do Equipo de Dinamización TIC.
- Actualizar e renovar os equipamentos das aulas, racionalizando os recursos existentes en beneficio do maior número de alumnos/as e materias.
- Desenvolver canles de formación TIC para os usuarios.
- Mellorar a competencia dixital do alumnado en canto ao manexo das aulas virtuais como usuarios. Para isto en cada materia deberase comprobar que o alumnado sabe facer as tarefas, entregar os traballos, responder os cuestionarios, subir arquivos, ..., en definitiva, utilizar as ferramentas dixitais, por se algún momento temos que pasar a ensinanza non presencial.
- Potenciar o uso das TIC como ferramenta didáctica, organizativa e de comunicación.
- Manter o proxecto EDIXGAL en 1º e 2º de ESO. Valorar se no curso 2022-2023 este proxecto avanza cara o 3º e 4º de ESO, xa que supón un cambio importante na forma de traballo no centro.
- Fomentar o uso do software libre.
- Fomentar o uso da Aula Virtual, como unha ferramenta de traballo co alumnado.
- Usar as aplicacións ABALAR e a páxina web como medios de comunicación e información entre todos os membros da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).
- Elaborar o Plan Dixital do centro, co fin de mellorar a competencia dixital do alumnado e profesorado.
- Realizar grupos de traballo para mellorar a formación TIC do profesorado do centro.

## **1.8. Colaboración cos centros educativos da contorna e con outras entidades: EOI, Concello, Administración, empresas ...**

- Afondar na colaboración cos centros adscritos ao IES Virxe do Mar, para dar a coñecer a oferta educativa e orientar a súa escola, e así lograr unha boa integración do novo alumnado.
- Organizar actividades específicas dirixidas á integración do alumno de 6º de primaria e 1º de bacharelato dos centros adscritos.
- Ampliar e consolidar a relación de empresas dispoñibles para a Formación en Centros de Traballo do alumnado do ciclo formativo, CM de “Vídeo Dj Imaxe e Son”.
- Procurar novos xeitos de colaboración coas empresas e organización do contorno.
- Manter unhas relacións de colaboración e entendemento cos demais centros educativos da bisbarra e da localidade.
- Colaborar co Concello, na medida en que as circunstancias o permitan, na organización de actividades conxuntas, e manter unha relación fluída de constante cara o mantemento e a mellora do contorno urbano do instituto.
- Colaborar coas distintas entidades con fins socio-culturais da vila de Noia: Casa da Cultura, Coliseo Noela, Liceo, ..., e manter o convenio anual co Concello.
- Colaborar coa extensión da Escola Oficial de Idiomas, EOI de inglés e francés, para que poidan desenvolver as súas actividades nas mellores condicións posibles. Coordinar o uso de aulas segundo as necesidades en temporada de exames, tanto en convocatorias ordinarias como extraordinarias.
- Convocar o concurso literario “Alberto Romasanta”, como todos os anos nos que participa alumnado do IES Campo de San Alberto xunto co noso. A entrega de premios ten lugar alternativamente cada ano no centro o que lle corresponde organizar o evento, este curso corresponde ao IES Virxe do Mar.

## **1.9 Afondar na coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas**

Este importante obxectivo xeral vaise desenvolver a través dos seguintes obxectivos específicos e liñas de actuación:

- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

- Analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller.
- Impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- Incidir na Igualdade de Xénero, promovendo unha educación que fomente o respecto entre o alumnado, coa contribución en maior ou menor medida de tódolos departamentos didácticos.
- Promover a materia de Igualdade de Xénero en 2º ESO, impartida polo Departamento de Filosofía dende hai tres anos, que está tendo boa acollida por parte do alumnado.
- Consolidar e aumentar a sección da biblioteca do centro con libros e materiais didácticos relacionados con esta temática.
- Desenvolver dende o Departamento de Orientación actividades e charlas sobre a perspectiva de xénero.

## **2. HORARIO XERAL DO INSTITUTO**

O Centro permanece aberto de luns a venres, dende as 08:15 ata as 14:45 h pola mañá, e tamén permanece aberto polas tardes cando menos entre as 15:30 h e as 22:00 h para impartir clases do ciclo e da Extensión da Escola Oficial de Idiomas de Santiago, EOI.

As oficinas do Centro terán como horario de atención ó público de 9:00 ás 14:00 hs.

### **2.1. Horario lectivo do centro**

Para ESO e BACH cada sesión terá unha duración de 50 minutos distribuídos de luns a venres en 6 sesións pola mañá (dende as 08:45 ás 14:25 h) e 2 sesións o luns pola tarde (dende as 16:20 ata as 18:00 h).

Para o CM de Vídeo DJ e Son, cada sesión terá unha duración de 50 minutos distribuídos de luns a venres en 6 sesións pola mañá (dende as 08:45 ás 14:25 h), e 3 sesións o luns e outras 3 o martes pola tarde (dende as 16:00 ata as 18:30 h).

Pola mañá programaranse dous recreos de vinte minutos cada un. Resérvanse os luns a partir das 18:00 horas e as restantes tardes para atención de alumnos con materias pendentes.

Fóra de horario lectivo do IES, dado que neste centro hai una sección da Escola Oficial de Idiomas de Santiago, o instituto permanece aberto ata case as 22:00 h xa que as clases da EOI rematan ás 21:30 h.

## **2.2 Horas e condicións da dispoñibilidade das instalacións para outros usos**

Dentro do horario lectivo o alumnado poderá facer uso das instalacións do centro segundo as posibilidades de dispoñibilidade por parte do profesorado. Fóra de horario lectivo, o alumnado debe achegar un escrito xustificativo da necesidade e intención para o uso das diferentes instalacións do centro, escrito que a Dirección do Centro e o Consello Escolar valorarán e, aceptarán ou non, segundo as consideracións puntuais e oportunas.

As nosas instalacións son utilizadas polo Concello puntualmente cando necesita aulas para facer exames.

De todos os xeitos, todo estará condicionado ao cumprimento das normas sanitarias e de seguridade que rexan no momento e ao propio Protocolo do centro.

## **2.3 Horario de verán**

Durante o mes de xullo o Centro permanece aberto de luns a venres dende as 10:00 h ata as 13:00 h pola mañá, e no mes de agosto atenderase por correo electrónico e telefonicamente, de ser preciso, a Dirección do centro e un membro da administración abrirán as dependencias para atender ao público.

### 3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O transporte escolar é o único servizo complementario do que dispón o centro.

#### 3.1 Paradas do transporte escolar do IES Virxe do Mar

<b>RUTA: Sobreviñas, Sueiro, Argote, Costaneira, San Breixo, O Couto, Cofradía</b>
<b>RUTA: Campo, Bergondo, Ponte de Argalo, Argalo-Cruce Igrexa, Cruce Beiro, Becollo, Figueira, Soutelo, Arxelles</b>
<b>RUTA: Rasa de Abaixo, Xílgara, Piñeiriño, Rasa de Arriba, Fialla, Vilaverde, Roo, Muiño, Castro</b>
<b>RUTA: Chaínza, Cruce Valbargos, Obre, Taramancos, Boa Grande, Boa Pequena</b>
<b>RUTA: Ousoño, Albariza, Sampaio, Liñaio, Pastoriza, Nimo</b>

A utilización das rutas anteriores queda detallada nos informes que se engaden a continuación indicando o percorrido e o estatístico de alumnado por parada. O número de alumnos transportados é similar ó de anos anteriores, son un total de 124 usuarios/as.

<b>Curso: 2021/2022</b>	
<b>ESTADÍSTICO DE ALUMNADO POR PARADA</b>	
<b>Contrato: 99CO0414</b>	<b>Empresa: AUTOS DOSIL S.L.</b>
<b>Tipo de servizo: Ordinario</b>	<b>Sentido: Entrada/Saída</b>
<b>Días do servizo: Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres</b>	<b>Dobraxa: Non</b>
<b>Observacións do servizo:</b>	<b>Duración: 20</b>
<b>Acompañante: Non</b>	
*15010812AD* UNHA TARDE	

Ord	Parada	Km	Inf	Pri	ESO	CB	PF	EE	Outr	Tot
0	IES Virxe do Mar	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	SOBREVIÑAS	1,9	0	0	5	0	0	0	1	6
2	SUEIRO	1,0	0	0	0	0	0	0	0	0
3	ARGOTE	0,5	0	0	5	0	0	0	0	5
4	COSTANEIRA	0,3	0	0	1	0	0	0	0	1
5	SAN BREIXO	0,4	0	0	6	0	0	0	0	6
6	O COTO	1,2	0	0	0	0	0	0	0	0
7	COFRADIA	0,8	0	0	13	0	0	0	0	13
* Totais:		6,1	0	0	30	0	0	0	1	31

\* O número total de usuarios que fan uso do servizo pode variar con relación á suma do número de usuarios que fan uso de cada parada, no caso excepcional de que un alumno faga uso de máis dunha parada.

<b>Curso:</b> 2021/2022	
<b>ESTADÍSTICO DE ALUMNADO POR PARADA</b>	
<b>Contrato:</b> 99CO0415	<b>Empresa:</b> AUTOS DOSIL S.L.
<b>Tipo de servizo:</b> Ordinario	<b>Sentido:</b> Entrada/Saída
<b>Días do servizo:</b> Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres	<b>Dobraxa:</b> Non
<b>Observacións do servizo:</b>	<b>Duración:</b> 25
*15010812AB*	<b>Acompañante:</b> Non

Ord	Parada	Km	Inf	Pri	ESO	CB	PF	EE	Outr	Tot
0	IES Virxe do Mar	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	CAMPO	1,5	0	0	6	0	0	0	0	6
2	BERGONDO	0,3	0	0	20	0	0	0	0	20
3	PONTE DE ARGALO	0,5	0	0	4	0	0	0	0	4
4	ARGALO-CRUCHE IGREXA	0,8	0	0	1	0	0	0	0	1
5	CRUCHE BEIRO	0,3	0	0	1	0	0	0	0	1
6	BECOLLO	0,5	0	0	1	0	0	0	0	1
7	FIGUEIRA	0,9	0	0	1	0	0	0	0	1
8	SOUTELO	1,3	0	0	1	0	0	0	0	1
9	ARXELLES	0,7	0	0	3	0	0	0	0	3
* Totais:		6.8	0	0	38	0	0	0	0	38

\* O número total de usuarios que fan uso do servizo pode variar con relación á suma do número de usuarios que fan uso de cada parada, no caso excepcional de que un alumno faga uso de máis dunha parada.

<b>Curso:</b> 2021/2022	
<b>ESTADÍSTICO DE ALUMNADO POR PARADA</b>	
<b>Contrato:</b> 99CO0416	<b>Empresa:</b> AUTOS DOSIL S.L.
<b>Tipo de servizo:</b> Ordinario	<b>Sentido:</b> Entrada/Saída
<b>Días do servizo:</b> Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres	<b>Dobraxa:</b> Non
<b>Observacións do servizo:</b>	<b>Duración:</b> 25
*15010812AH*	<b>Acompañante:</b> Non

Ord	Parada	Km	Inf	Pri	ESO	CB	PF	EE	Outr	Tot
0	IES Virxe do Mar	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	RASA ABAIXO	1,5	0	0	1	0	0	0	3	4
2	XILGARA	0,2	0	0	0	0	0	0	1	1
3	PIÑEIRIÑO	1,2	0	0	0	0	0	0	0	0
4	RASA ARRIBA	2,6	0	0	0	0	0	0	0	0
5	FIALLA	0,7	0	0	1	0	0	0	0	1
6	VILLVERDE	1,9	0	0	2	0	0	0	1	3
7	ROO	0,9	0	0	4	0	0	0	0	4
8	MUIÑO	0,7	0	0	0	0	0	0	0	0
9	CASTRO	1,4	0	0	0	0	0	0	0	0
* Totais:		11.1	0	0	8	0	0	0	5	13

\* O número total de usuarios que fan uso do servizo pode variar con relación á suma do número de usuarios que fan uso de cada parada, no caso excepcional de que un alumno faga uso de máis dunha parada.

<b>Curso:</b> 2021/2022	
<b>ESTADÍSTICO DE ALUMNADO POR PARADA</b>	
<b>Contrato:</b> 99CO0418	<b>Empresa:</b> AUTOS DOSIL S.L.
<b>Tipo de servizo:</b> Ordinario	<b>Sentido:</b> Entrada/Saída
<b>Días do servizo:</b> Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres	<b>Dobraxa:</b> Non
<b>Observacións do servizo:</b>	<b>Duración:</b> 20
*15010812A*	<b>Acompañante:</b> Non

Ord	Parada	Km	Inf	Pri	ESO	CB	PF	EE	Outr	Tot
0	IES Virxe do Mar	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	CHAINZA	1,0	0	0	4	0	0	0	2	6
2	CRUCHE VALBARGOS	0,7	0	0	4	0	0	0	0	4
3	OBRE	0,6	0	0	5	0	0	0	4	9
4	TARAMANCOS	1,2	0	0	1	0	0	0	0	1
5	BOA GRANDE	1,5	0	0	11	0	0	0	4	15
6	BOA PEQUENA	0,7	0	0	3	0	0	0	0	3
* Totais:		5.7	0	0	28	0	0	0	10	38

\* O número total de usuarios que fan uso do servizo pode variar con relación á suma do número de usuarios que fan uso de cada parada, no caso excepcional de que un alumno faga uso de máis dunha parada.

Curso: 2021/2022

**ESTADÍSTICO DE ALUMNADO POR PARADA**

**Contrato:** 99CO0422      **Empresa:** AUTOS DOSIL S.L.

**Tipo de servizo:** Ordinario      **Sentido:** Entrada/Saída      **Dobraxo:** Non  
**Días do servizo:** Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres      **Duración:** 25      **Acompañante:** Non  
**Observacións do servizo:**  
\*15010812AF\*

Ord	Parada	Km	Inf	Pri	ESO	CB	PF	EE	Outr	Tot
0	IES Virxe do Mar	0,0	0	0	0	0	0	0	0	0
1	OUSOÑO	2,4	0	0	1	0	0	0	2	3
2	ALVARIZA	0,7	0	0	0	0	0	0	0	0
3	SAMPAIO	1,8	0	0	1	0	0	0	0	1
4	LIÑAIO	2,0	0	0	0	0	0	0	0	0
5	PASTORIZA	0,6	0	0	0	0	0	0	0	0
6	NIMO	2,5	0	0	0	0	0	0	0	0
* Totais:		10	0	0	2	0	0	0	2	4

\* O número total de usuarios que fan uso do servizo pode variar con relación á suma do número de usuarios que fan uso de cada parada, no caso excepcional de que un alumno faga uso de máis dunha parada.

## 4. DATOS DA MATRÍCULA

Total de alumnado matriculado: 399

A distribución é a seguinte:

Nivel	Grupo A	Grupo B	Grupo C
1º ESO Total 59	19	20	20
2º ESO Total 45	22	23	---
3º ESO Total 61	19	21	21
4º ESO Total 59	20	20	19
1º BACH Total 78	25	26	27
2º BACH Total 58	27	31	---
1º CICLO Vídeo DJ Total 23	23	---	---
2º CICLO Vídeo DJ Total 16	16	---	---



## **CAPÍTULO II**

### **5. DOC (DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO)**

O Documento de Organización do Centro correspondente ao curso actual será enviado á Inspección Educativa.

Este documento estará en Secretaría a disposición de calquera membro da comunidade educativa.

## CAPÍTULO III

# **7. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

## **1.- INTRODUCCIÓN**

As actividades complementarias e extraescolares son as que serven para complementar a formación o alumnado. Comprenden tanto as realizadas no horario lectivo e dentro do recinto educativo (chamadas complementarias) como as realizadas fóra del ou fóra das instalacións do centro (chamadas extraescolares).

Neste documento reflíctense todas as actividades que se programan en todos os niveis e/ou departamentos de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Ciclo,

Ademais de todas as actividades que aparecen neste documento, ao longo do ano poden aparecer outras ofertadas por diferentes organismos que tamén se levarán a cabo coa colaboración deste departamento. Con posterioridade serán reflectidas na memoria final de curso.

En todo caso, e tendo en conta as circunstancias tan especiais que estamos vivindo de novo neste curso, a realización de todas as actividades programadas polos diferentes departamentos terán que cumprir sempre co protocolo COVID do centro e nunca se desviarán das normas ditadas por Sanidade. En caso de non poder cumprir con este requisito, non se poderán levar a cabo.

Durante o primeiro trimestre do curso 2021-2022 ,atendendo á situación epidemiolóxica deste momento, temos programadas só actividades de curta duración. As actividades que impliquen pernoctación se/ou saídas de máis dun día quedarán aprazadas, aínda que se programarán igualmente e verase se é posible a súa realización uns días antes da data de inicio das mesmas.

Como viña sendo tradicional, celebraremos:

- O 25 de Novembro: Día contra a Violencia de Xénero
- O 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos

- O 30 de xaneiro; Día da Paz
- O 8 de marzo: Día Internacional da Muller
- O 2 de maio: Día contra o Acoso Escolar
- A semana do 17 de maio: As Letras Galegas
- A Semana Cultural, no terceiro trimestre.
- O 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente.

## **2.- COORDINACIÓN E COLABORADORES.**

A coordinación das actividades complementarias é asumido pola vicedirectora do centro e tamén profesora de Bioloxía e Xeoloxía Raquel Troitiño Barros.

Ademais colaborarán os/as coordinadores/as da Biblioteca e do Equipo de Dinamización Lingüística, así como todo o equipo directivo.

## **3. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES POR DEPARTAMENTOS**

### **3.1.- DEPARTAMENTO DE MÚSICA**

O departamento de música organizará algunha das actividades seguintes:

- 1.- Sempre que na localidade, organizadas polo concello de Noia ou outra entidade, haxa actividades relacionadas coa música que sexan de interese e asistiremos con alumnado do nivel que se considere máis oportuno: semana musical, Mostra de Curtas, Vila de Noia, etc....
  - 2.- Asistencia ós concertos organizados polo Concello de Santiago no Auditorio de Galicia
  - 3.- Asistencia ao Encontro de alumnado de música de Secundaria e Bacharelato de Galicia, que se celebra no mes de abril (aínda por determinar o lugar)
  - 4.- Asistencia a algunha actividade organizada en colaboración co ciclo de Vídeo DJ do centro
  - 5.- Para 4ºdeESO, asistencia ao cine para ver algunha película de contido musical, ou algún musical que se achegue ata a nosa comunidade, ou algún outro espectáculo musical de interese.
  - 6.- Participación nas actividades lúdicas que teñan lugar no noso centro e que podan ofrecer algunha actuación do alumnado de música: conmemoracións gradación de segundo de bach. etc.
- ...

7.- Participación no Musiqueando.

### **3.2.- DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA**

Teñen previstas :

- 1.- Actividades deportivas nos recreos, mantendo a distancia de seguridade: xogos tradicionais, retos deportivos, espazos activos no patio.
- 2.- Actividades no medio natural: ruta de sendeirismo no entorno próximo ao Centro e para distintos niveis.
- 3.- Se a situación sanitaria o permitise, non descartan facer en torno a Semana Santa unha posible viaxe á neve para 4º de ESO.

### **3.3.- DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

Propoñen organizar:

- 1.-Percorridos pola propia vila de Noia. Visita a Sta María, museo das laudas gremiais, San Martiño, San Francisco, casco histórico, muíños da Pedrachán, a ponte de Traba... coa finalidade de apreciar e estudar a estrutura urbana (plano, rúas, monumentos, articulación do espazo...) e o contorno físico xeográfico da vila (relevo, altitude, ubicación...)
- 2.- Asistencia a exposicións temporais ou permanentes e conferencias así como aqueles actos culturais que xurdan ao longo do desenvolvemento do curso tanto no propio centro como na vila ou nas proximidades (Santiago, Coruña...)
- 3.- Participación nas actividades organizadas durante a Semana Cultural\_. Os temas tratados e os grupos a quen van destinados determináranse ao longo do curso.

### **3.4.- DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ**

Se as condicións sanitarias o permiten, o alumnado podería asistir a algunha representación teatral.

### **3.5.-DEPARTAMENTO DE ARTES PLÁSTICAS.**

Propostas posibles de actividades complementarias:

- 1.- Visitas a museos e institucións culturais.

- 2.- Participación en concursos plásticos a escala local ou nacional
- 3.- Exposicións de alumnos no centro ou fóra del.
- 4.- Organización, no marco da Semana Cultural ou outras datas sinaladas, de concursos de pintura ou calquera outra expresión plástica, incluídas as propias da tradición cultural española.
- 5.- Cine escolar.
- 6.- Participacións en obradoiros de estampación e gravado.

### **3.6.- DEPARTAMENTO DE FRANCÉS**

Este curso está previsto:

- 1.- Facer polo menos unha saída ao cine ou teatro coa finalidade de coñecer autores francófonos relevantes e traballar a comprensión oral.
- 2.- Seguir co ciclo de cine francés. Os alumnos que o desexen poderán coller películas en lingua francesa na biblioteca para velas na súa casa.
- 3.- Concurso gastronómico dirixido a todos os alumnos de francés: preparación de receitas típicas francesas/francófonas. Faremos unha degustación a final de curso para despedirnos.
- 4.- Concurso de felicitacións de nadal con frases en francés.
- 5.- Actividade de contaconto para reforzar a comunicación oral co Profesor camerunés Samuel Mountoumjou. (Pode ser na Semana Cultural)
- 6.- No terceiro trimestre (Semana Cultural ou outra data a decidir ), Jeremy, antigo auxiliar de conversa, orixinario da Bretaña, realizará unha unidade didáctica de 50 minutos centrada nunha especialidade da súa rexión : A Crêpe. Na súa furgoneta, ensinaralles a receita da crêpe, o modo de elaboración e establecerá un xogo de compra e venda.
- 7.- Non descartamos a posibilidade dun intercambio lingüístico ou viaxe a Francia. Ao longo do curso iremos definindo esta actividade, se pode ter lugar.
- 8.- Participación do alumnado de 1º e/ou 2º da ESO nun proxecto eTwinning.
- 9.- Participación dunha parte do alumnado de 2º ESO nun proxecto interdisciplinar sobre alimentación saudable dentro do Plan Proxecta.

### **3.7.- DEPARTAMENTO DE CIENCIAS NATURAIS:**

Este Departamento programa actividades do seguinte xeito:

- 1.- No outono farase unha saída micolóxica ao monte Iroite
- 2.- Si se deran as circunstancias favorables para a mobilidade, ao remate do curso, como nos cursos anteriores, organizaríase unha visita ás Cies na que se aplicarían os coñecementos sobre o estudo da biodiversidade e dos ecosistemas.
- 3.- Faranse roteiros botánicos por algún lugar da contorna do Centro
- 4.- Fomentarase a participación do alumnado nos proxectos que están a desenvolverse no centro e relacionados cos obxectivos e contidos da materia. Os alumnos participarán nas actividades de tipo saídas, intercambios e visitas que se consideren de interese segundo as ofertas e posibilidades do centro e do alumnado. Por exemplo, un Campus xuvenil en Aveiro ao redor da Semana Santa, ou unha visita ao Parque Nacional de Doñana ( a finais de abril).
- 5.- Seguirase coas actividades de alimentación saudable incluídas nos últimos cursos no Plan Proxecta no contrato programa Xenemar e DNAntica, no proxecto europeo KA201EduCO2cean-
- 6.- Saídas e visitas que se consideren de interese segundo as ofertas posibilidades do centro e do alumnado.
- 7.- Colaboración co Plan Proxecta sobre alimentación saudable
- 8.- Actividades vinculadas á sostibilidade do Proxecto europeo EduCO2cean-Erasmus+
- 9.- Participación en Campus Xuvenís internacionais e Congresos Virtuais sobre medio ambiente e cambio climático
- 10.- Participación en investigacións( Zostera en Testal) e experiencias prácticas de laboratorio.
- 11.- Encontros con Centros próximos que traballan na sostibilidade EduCO2cean-Erasmus+, InnoEduCO2cean e Educinema.
- 12.- Celebración dos días Mundiais do Planeta e do Medioambiente.
- 13.- Participación na Olimpíada de Xeoloxía

### **3.8.- DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN**

- 1.- Actividades complementarias:

-Xornada de solidariedade no Nadal co centro de día de Cáritas Parroquial.

-Creación de contos e tarxetas de Nadal que se enviarán ós nosos maiores do centro de Noia

-Celebración do día internacional da Declaración dos Dereitos Humanos.

-Celebración do día internacional contra a violencia de xénero.

-Participación no Programa da Plataforma de organización da infancia e xuventude de Galicia para o día 20 de Novembro conmemoración dos Dereitos do neno.

-Celebración do día Mundial do Medio Ambiente.

-Charlas e mesas redondas con voluntarios de ONGs ou misioneiros.

-Traballarase na aula o Ano Santo 2021.-2022

2.- Actividades extraescolares: Terase en conta a evolución da pandemia. para a celebración de actividades extraescolares

- Visitas os templos da vila

- Visitas a catedral de Santiago co motivo do Ano Santo.

- Posibles visitas o estranxeiro ( Portugal ,Italia )ou norte de España.

### **3.9.- DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA**

As actividades complementarias e extraordinarias deste departamento están centradas:

1.- Na situación sociolingüística de Galicia

2.- No/na autor/a homenaxeado/a nas Letras Galegas

3.- Na Literatura

4.- No plan Lector

Concretaranse en actividades como por exemplo talleres e representacións teatrais, visita de autores ou autoras de libros, participación nas Mostra de Curtas Vila de Noia e outras actividades que vaian xurdindo ao longo do curso.

### **3.10.- DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA**

Este Departamento contempla a realización de:

1.- Visita ao Museo Mineiro de San Finx ( Lousame)( 2º ESO)

2.- Visita á Central eléctrica do Ríu Tambre (3º ESO)

3.- Visita ao CITIUS en Santiago de Compostela ( 2º Bach)

Algunha destas visitas poderá facerse en colaboración con algún outro Departamento.

### **3.11.- DEPARTAMENTO DE FÍSICA-QUÍMICA:**

As posibles actividades complementarias a realizar polo Departamento son:

1.- Traballos de historia da ciencia: aspectos históricos da Física e da Química.

2.- Traballos que permitan coñecer as aplicacións tecnolóxicas da ciencia e a súa repercusión social.

Como actividades extraescolares, podería levarse a cabo a visita a algunha empresa, industria química, museo da ciencia, observatorio, etc, así como colaborar con fundacións ou grupos de traballo. En calquera caso veríanse estas posibilidades no seu momento.

### **3.12.- DEPARTAMENTO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

1.- Durante o 1º TRIMESTRE

- Achega de recursos e materiais en galego ( para alumnado e profesorado).
- Celebración do Samaín, (coa participación dos departamentos de Plástica e Música).
- Recreos Saudables e Activos en colaboración co Departamento de Educación Física.
- Creación de «Os Dez Principais» unha Listaxe Música en galego, con referentes musicais para o alumnado.
- Proposta de activación do proxecto Radio nas Biblios ( en colaboración coa Biblioteca).
- Posta en marcha do proxecto Siluetas, en colaboración cos Departamentos de Historia e Plástica.
- Concurso en Tik Tok e Instagram sobre o uso do galego para o alumnado do centro.
- Deseño de cartaz e definición das bases para o XXVII Concurso Literario Alberto Romasanta ( en colaboración co EDLG do IES Campo de San Alberto.)
- Día da non violencia contra a muller o 25 de novembro.



- Actividades para vacacións de Nadal.

## 2.- Durante o 2ºTRIMESTRE

- Concurso #Noia Crea En Galego, destinado ó alumnado do centro co fin do fomento da creación audiovisual en lingua galega. Vídeo, Música e Debuxo,

- Día do entroido: Concurso #Comparsas En Galego para o alumnado( 25 de febreiro.)

- Cartelería do XXVII Concurso Literario Alberto Romasanta.

- Día Internacional da Muller: martes 8 de marzo coa realización de distintas accións, entre elas a presentación do proxecto Siluetas.

## 3.- Durante o 3ºTRIMESTRE

- Organizar para algún curso da ESO a Ruta guiada“Coñece a túa vila” onde faremos fincapé nos lugares de especial interese de Noia..

- Podcast día das letras. En colaboración coa Biblioteca e os Departamentos de Galego e do Ciclo, creación de podcast do día das letras.

- Exposición e lectura da obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas2021. (colaboración coa Biblioteca do centro).

- Organización da gala de entrega de premios do Concurso Literario“AlbertoRomasanta”, nas modalidades de poesía e narrativa do IES Virxe do Mar xunto co IES Campo de San Alberto de Noia.

- Obradoiro de Rap en Galego,para a Semana Cultural.

## 4.- Durante todo o curso

- Colaboración na organización de charlas e coloquios de distintas temáticas que sexan en galego.

- Participación activa en todas as actividades propostas pola Biblioteca ao longo de todo o curso.

- Divulgación dos materiais e convocatorias enviados pola Dirección Xeral de Política Lingüística e da Mesa pola Normalización Lingüística.

- Mantemento da web do instituto,onde se vaian introducindo as actividades realizadas durante o curso escolar.

- Colaboración coa Revista dixital do instituto VDM, enviándolle novas ou materiais para a súa publicación.

### **3.13.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

A proposta de actividades extraescolares e complementarias ,polas características propias do departamento, ten un carácter provisional e moi dependente das necesidades do alumnado, oferta de actividades dentro dos diferentes ámbitos,e moi suxeita a outras variables difíciles de contemplar a priori e tendo en conta a situación actual. Para o curso actual só contempla actividades que realizará persoal interno do centro, e a oferta das actividades propostas por persoal externo serán valoradas en función da modalidade de impartición das mesmas e do interese para o alumnado.

- 1.- Charlas de orientación vocacional.( 2º trimestre do curso)
- 2.- Posibles obradoiros externos: Querote+ (4ºESO) e Plan director ( de 1º a 4º ESO)
- 3.- Participación en diferentes conmemoracións:Día internacional contra a violencia de xénero e Día mundial da Sida. Día da Paz. Día internacional da Muller traballadora. Etc.
- 4.- Actividades en coordinación co Centro adscrito: visita dos alumnos de 6º de Primaria, reunión con pais//nais do alumnado de 6º de Primaria, reunión de profesores tutores, de profesor de apoio e orientador coa Xefatura de estudos...

### **3.14.- DEPARTAMENTO DE INGLÉS**

Propóñense actividades a realizar na propia aula como:

- 1.- Xogos,
- 2.-Dramatizacións, "role plays", etc.

### **3.15.- DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA**

- 1.- Para Valores éticos as actividades centraranse en
  - Contactar con algún representante de ONGs ou traballadores de distintas institucións que acheguen ao alumnado as súas experiencias
  - Realizar algunha saída para facer traballos de campo ( enquisas, gravacións...)

- Posible participación no proxecto "O mundo que queremos", en colaboración coa ONG Agaresco.

2.- Para Igualdade de xénero:

- contactar con algunha representante dun colectivo de mulleres feministas ou con avoas de algún alumno/a que conte as súas experiencias ao alumnado. Tamén con traballadores/as de distintas institucións que expliquen o funcionamento das mesmas en relación coa problemática de xénero.

- Realizar algunha saída para facer traballos de campo ( enquisas, gravacións...)

3.- Para Filosofía de 1º bacharelato:

- Programaranse actividades específicas coa auxiliar de conversa asignada .

- Colaborarase con actividades propostas por outros Departamentos no Centro .

### **3.16.- DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS**

Este Departamento contempla a posible participación na Olimpíada Matemática con 2º ESO durante o terceiro trimestre.

### **3.17.- CICLO**

1.- Organizarase a formación en centros de traballo dacordo co seguinte calendario

Do 1 de outubro ao 21 de novembro: titorías co alumnado para orientarlles e coñecer as súas preferencias formativas, consensuando unha posible lista de empresas coas que intentar asinar o convenio de colaboración para a realización das prácticas.

Do 22 de novembro ao 18 de marzo: contacto coas empresas para pechar os acordos de acollida de alumnado en prácticas. Do 28 de marzo ao 1 de abril: sinatura dos convenios con aquelas empresas que aceptasen acoller a un ou varios alumnos en prácticas.

Do 4 de abril ao 17 de xuño: realización das prácticas por parte dos alumnos, coas correspondentes supervisións periódicas realizadas polo titor: revisión de informes individualizados cada 15 días no IES e contacto mensual cos titores asignados dentro das empresas para verificar unha correcta evolución do alumnado ou as posibles incidencias que vaian xurdindo.

20 de xuño: recepción dos informes finais dos alumnos e da avaliación realizada polo titor/a na empresa.

22 de xuño: avaliación final do alumnado de segundo curso.

Este calendario pode sufrir modificacións, especialmente no referente ás datas de finalización das prácticas, se se entra nunha das excepcións xa mencionadas e previstas pola situación COVID.

2.- Farase unha coordinación con diferentes Departamentos do IES para colaborar en actividades complementarias: celebracións tradicionais, certames literarios, Semana Cultural e proxectos do EDL

## **ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DE BIBLIOTECA**

Permanecerá aberta en todos os recreos para o servizo do alumnado, e segundo as posibilidades organizativas do centro, algunhas horas lectivas con profesorado específico, cuxo horario será exposto no taboleiro.

O equipo de biblioteca aproveita eses momentos para levar a cabo o traballo de préstamo, organización e catalogación de libros, así como a actualización dos novos usuarios.

A biblioteca necesitaría máis horas de dedicación, pero as necesidades do centro impídeno este curso. Hai que salientar que o equipo de biblioteca está traballando horas nela fora da súa carga horaria.

## **8. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA**

Dentro do Proxecto de Fomento do Uso do Galego elaborado polo Equipo de Dinamización Lingüística do Galego, contémpanse as seguintes actividades:

### **1º TRIMESTRE**

- Achega de recursos e materiais en galego para alumnado e profesorado.
- Actividades vencelladas co Samaín, en conxunto coa participación dos departamentos de Pástica e Música, e en función da situación e posibilidades permitidas pola emerxencia sanitaria, venres 29 de outubro.
- Posta en marcha dos Recreos Saudables e Activos en colaboración co Departamento de Educación Física.

- Creación de «Os Dez Principais» unha Listaxe Música en galego, con referentes musicais para o alumnado.
- Proposta de activación do proxecto Radio nas Biblios en colaboración coa Biblioteca. Definición de proxecto e deseño de estratexia.
- Posta en marcha do proxecto Siluetas, en colaboración cos Departamentos de Historia e Plástica.
- Concurso en Tik Tok e Instagram sobre o uso do galego para o alumnado do centro.
- Deseño de cartaz e definición das bases para o XXVII Concurso Literario Alberto Romasanta en colaboración co EDLG do IES Campo de San Alberto.
- Reivindicar e concienciar o día da non violencia contra a muller con distintas actividades e accións de denuncia, o xoves 25 de novembro.
- Actividades e accións para fin de clases e vacacións de Nadal.

### 2º TRIMESTRE

- Concurso #NoiaCreaEnGalego, destinado ó alumnado do centro co fin do fomento da creación audiovisual en lingua galega. Vídeo, Música e Debuxo, con premios en distintas categorías. Apertura do concurso.
- Día do entroido: Concurso #ComparsasEnGalego para o alumnado ademais doutras actividades que poñan en valor o patrimonio cultural galego. Venres 25 de febreiro.
- Difusión das bases e cartelería do XXVII Concurso Literario Alberto Romasanta.
- Día Internacional da Muller: martes 8 de marzo coa realización de distintas accións, entre elas a presentación do proxecto Siluetas.

### 3º TRIMESTRE

- Se é posible, gustaríanos organizar para algún curso da ESO a Ruta guiada “Coñece a túa vila” onde faremos fincapé nos lugares de especial interese da vila de Noia, para que o noso alumnado aprenda a valorar o seu patrimonio.
- Podcast día das letras. En colaboración coa Biblioteca e os Departamentos de Galego e do Ciclo, creación de podcast do día das letras.
- Exposición por distintos espazos do centro e lectura da obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2020. Esta actividade farémola en colaboración coa Biblioteca do centro.
- Organización da gala e entrega de premios do Concurso Literario “Alberto Romasanta”, nas modalidades de poesía e narrativa do IES Virxe do Mar xunto co IES Campo de San Alberto de Noia.
- Obradoiro de Rap en Galego, para a Semana Cultural.

### ACTIVIDADES A REALIZAR DURANTE TODO O CURSO

- Colaboración na organización de charlas e coloquios de distintas temáticas que sexan en galego.

- Participación activa en todas as actividades propostas pola Biblioteca e polo Club de Lectura ao longo de todo o curso.
- Divulgación dos materiais e convocatorias enviados pola Dirección Xeral de Política Lingüística así como da Mesa pola Normalización Lingüística (comunicacións escritas, correo electrónico...) asociación de defensa do idioma da que o noso centro é socio colaborador. Todo este material será exposto no taboleiro do EDLG.
- Mantemento da web do instituto, onde se vaian introducindo as actividades realizadas durante o curso escolar.
- Colaboración coa Revista dixital do instituto VDM, enviandolle novas ou materiais para a súa publicación.
- Colaboración aberta e constante co Concello de Noia, especialmente coas Concellarías de Cultura e Deporte, Educación e Normalización Lingüística. Igualmente imos ter unha estreita relación cos movementos asociativos e de participación relacionados coas actividades de ocio, lecer e consumo da mocidade.

## **9. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO**

Durante este curso desenvolveranse tres liñas de traballo dentro do Plan de Formación do Profesorado:

- Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital. E que ten por obxectivos:
  - Profundar no coñecemento do modelo do proxecto E-Dixgal.
  - Dominar as ferramentas propias do Proxecto E-Dixgal.
  - Propiciar accións formativas de aula dentro do Proxecto E-Dixgal
- Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital. Coa finalidade da elaboración do Plan Dixital do Centro, e que ten por obxectivos:
  - Analizar a competencia dixital do centro empregando ferramentas de avaliación e diagnose.
  - Diseñar un plan de actuación en base ás conclusións obtidas no proceso de diagnose.
  - Establecer un procedemento de seguimento e avaliación do plan de actuación elaborado.
- Actualización científica e didáctica do profesorado do CM de Vídeo DJ e Son

## 10. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO

A Formación en Centros de Trabajo trátase do derradeiro módulo que ten que cursar o alumnado de todos os ciclos de Formación Profesional creados ao abeiro da LOMLOE. No currículo publicado polo Consellería de Educación para o ciclo de Vídeo DJ e Son, este módulo conta cunha asignación total de 410 horas, que se realizan ao longo do terceiro trimestre por parte dos alumnos de segundo curso. Non obstante, durante o primeiro e o segundo trimestre tamén se realiza, en período extraordinario, a FCT para aqueles alumnos que non superasen a tempo o resto dos módulos durante o curso anterior. Se ben este ano non temos ningunha persoa matriculada neses períodos.

Este curso, como ocorre co resto das ensinanzas, a FCT está condicionada pola situación COVID que levamos arrastrando dende o mes de marzo de 2020. Isto fixo que a administración pública prevese, por terceiro curso consecutivo, alternativas para aqueles estudantes que non poidan realizar o módulo nunha empresa ou non poidan realizar todas as horas asignadas, xa sexa porque non se atopen empresas suficientes para todos os alumnos, porque a carga de traballo das empresa sexa insuficiente, ou porque as súas instalacións impidan manter a distancia de seguridade en certos momentos. Ditas alternativas veñen recollidas na resolución do 27 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 6 outubro 2021):

Desenvolver a FCT de xeito telemático dende o domicilio ou dende o centro, sempre que a actividade laboral da empresa o permita.

Reducir a duración da FCT ata as 220 horas.

Concentrar as horas en menos días e adiantar a finalización da FCT.

Realizar no centro prácticas alternativas ou un proxecto substitutivo da FCT.

Ampliar a data de finalización da FCT ata o 31 de agosto de 2022 como máximo.

Realizar a FCT en calquera dos períodos extraordinarios do curso 2022/23 sen que isto supoña perda dunha convocatoria.

No caso de que non haxa empresas para todo o alumnado, a norma tamén prevé que se prioricen quen es teñan a media máis alta nos módulos superados antes de acceder á FCT.

Alumnado e empresas

A situación COVID tamén condiciona a programación do calendario tradicional de actividades para o módulo de Formación en Centros de Trabajo, pois ocorre que algunhas empresas coas que habitualmente asina convenio este instituto, agora non están dispostas a acoller alumnado ata que a situación sanitaria volva á anterior normalidade. Isto, unido á cantidade de ensinanzas do

eido audiovisual que existen en toda Galicia, obriga a realizar a busca de empresas antes do previsto, ao igual que se fixera o pasado curso obtendo resultados moi positivos. Este ano, ademais, dáse a circunstancia de que a cantidade de estudantes que accederon a 2º curso do CM de Video DJ e Son é o máis elevado de todas as promocións. Unha situación que contribúe a reducir aínda máis as posibilidades de atopar prácticas para todo o alumnado, ou en todo caso de cumprir coas súas preferencias.

Entre os 16 alumnos que están agora matriculados en segundo curso, existen algúns expedientes académicos que poden dar dificultades para cursar a FCT no período ordinario de abril a xuño. Malia isto, é preciso traballar co escenario de que todos rematen o resto dos módulos a tempo, ou do contrario correríamos o risco de que algún alumno/a quede sen prácticas nunha empresa que, doutro xeito, tería asegurada. Por iso xa se iniciaron as entrevistas para determinar as súas preferencias en canto ao eido laboral onde queren ampliar coñecementos e á zona xeográfica á que poderían acudir. Un ano máis, a maioría dos alumnos amosaron interese por facer as prácticas no eido do son (posproducción, edición, gravación, dobraxe, foley, instalacións ou control de son en directo), sendo minoritarios os que se decantan polo eido da imaxe (fotografía, vídeo) e excepcionais os que queren facelo no eido da animación musical ou visual en vivo (disc-jockey, proxecións). Este curso dase a circunstancia de que unha boa parte do alumnado desexa facer prácticas no eido da dobraxe e dos efectos sonoros, en consonancia coas últimas tendencias laborais que atoparon un amplo nicho de mercado na sonorización de produtos de ficción e documentais procedentes das plataformas de televisión en streaming. Unhas circunstancias propicias para mellorar as súas posibilidades de facer a FCT no eido que prefiren, xa que, ademais, o eido do son está menos demandado entre o estudiantado do audiovisual, e a situación COVID fixo que pechasen empresas dedicadas aos eventos en vivo ou visen notablemente reducida a súa carga de traballo.

#### Fases de desenvolvemento da FCT

En canto á calendarización da FCT, xa en anteriores cursos se demostrou o éxito de adiantar o contacto coas empresas ao mes de xaneiro. En troques, o curso pasado decidiuse adiantar esta xestión ao mes de novembro, motivado polos problemas detectados nas áreas de Vigo e A Coruña, onde radican boa parte das empresas galegas do sector da imaxe e o son. Estas empresas están altamente demandadas para as prácticas da gran cantidade de estudos formativos que se imparten nesas zonas relacionados co audiovisual (ciclos de FP e graos universitarios). Isto provoca, en situación normal, que sexa difícil atopar unha praza nelas. Pero coa situación COVID, o problema agrávase, porque nalgúns casos deciden reducir a cantidade de alumnos que van acoller ou incluso se negan a acolellos mentres perdure a situación sanitaria de excepcionalidade.

En consecuencia, e demostrada a eficacia do mencionado adianto, o calendario de organización da FCT queda do seguinte xeito:



Do 1 de outubro ao 21 de novembro: titorías co alumnado para orientarlles e coñecer as súas preferencias formativas, consensuando unha posible lista de empresas coas que intentar asinar o convenio de colaboración para a realización das prácticas.

Do 22 de novembro ao 18 de marzo: contacto coas empresas para pechar os acordos de acollida de alumnado en prácticas. Excepcionalmente, este período pódese estender ata o 21 de marzo, pero o desexable é que os acordos queden pechados con marxe para asegurar a formación en centros de traballo antes de que dea comezo. Neste período, e tratando de corrixir algún problema xurdido no curso 2020/21, as empresas que xa queden confirmadas nos meses de novembro, decembro ou xaneiro, volverán ser contactadas cada mes para comprobar que a situación laboral non cambiou, o que puidera conlevar unha suspensión do acordado. En todo caso, solicitarase ás empresas unha confirmación por escrito vía correo electrónico da súa disposición a acoller ao alumno ou alumna propostos, tratando de evitar así os acordos verbais e reforzando deste xeito o compromiso previamente adquirido.

Do 28 de marzo ao 1 de abril: sinatura dos convenios con aquelas empresas que aceptasen acoller a un ou varios alumnos en prácticas.

Do 4 de abril ao 17 de xuño: realización das prácticas por parte dos alumnos, coas correspondentes supervisións periódicas realizadas polo titor: revisión de informes individualizados cada 15 días no IES e contacto mensual cos titores asignados dentro das empresas para verificar unha correcta evolución do alumnado ou as posibles incidencias que vaian xurdindo. Este franxa temporal está calculada en función das 52 de xornadas de 7 ou 8 horas que deben facer para cubrir as 410 horas, excluindo os festivos oficiais e limitando a 5 xornadas semanais máximo.

20 de xuño: recepción dos informes finais dos alumnos e da avaliación realizada polo titor/a na empresa.

22 de xuño: avaliación final do alumnado de segundo curso.

Este calendario pode sufrir modificacións, especialmente no referente ás datas de finalización das prácticas, se se entra nunha das excepcións xa mencionadas e previstas pola situación COVID.

# 11. PLAN ANUAL DE LECTURA

## PROXECTO LECTOR

- Introducción
- Obxectivos
- Organización de espazos e tempos para a lectura
- Recursos humanos e materiais
- Actividades programadas e temporizadas
- Traballo desde as materias
- Avaliación

- INTRODUCCIÓN

No Decreto 133/2007, do 5 de xuño, que regula as ensinanzas de Educación Secundaria en Galicia, aparece recollido, no Anexo V, o Proxecto Lector de Centro. Nel dise: “A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co Proxecto Lector de Centro”. Tamén se di que “O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.” O Plan Anual de Lectura recolle as actuacións concretas para mellorar as competencias básicas de lectura e de escritura do alumnado en todas as áreas do currículo, elevar os niveis de comprensión lectora e competencia escritora, así como a fomentar o hábito lector, entre o alumnado.

- OBXECTIVOS

- Potenciar a comprensión lectora como base da aprendizaxe en tódalas áreas do currículo.
- Implicar a comunidade educativa na creación de hábitos lectores como parte da rutina diaria, establecendo uns espazos e uns tempos.

- Formar o alumnado na selección correcta de información a través das diferentes fontes documentais que ten ao seu alcance, en todo tipo de soportes, integrando o emprego das TIC na práctica docente.
  - Promover a utilización da biblioteca como recurso didáctico e informativo fundamental do centro.
  - Continuar co desenvolvemento de todas as actividades da biblioteca e do fomento da lectura e da escritura iniciadas en cursos anteriores.
  - Utilizar e difundir os recursos da Biblioteca Escolar, considerada como un espazo de vital importancia na vida académica, e contribuír á actualización dos seus fondos.
  - Planificar actividades de animación á lectura.
  - Considerar as sesións de tutoría como un medio apto para traballar as técnicas de estudo, actividades de fomento da lectura para potenciar a competencia en comunicación lingüística e a de aprender a aprender, e uso e funcionamento da Biblioteca.
  - Darlles prioridade ás actividades de comprensión e expresión escrita.
- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

- Recuperamos este curso a biblioteca escolar, aínda coas limitacións que o protocolo covid impón e con poucas horas de traballo na biblioteca para o equipo que o conforma, debido á gran carga lectiva que ten a maioría do profesorado e á necesidade de multiplicar persoas de garda para cubrir as necesidades do centro. Todas as aulas de materia dispoñen dunha biblioteca de aula con libros de lectura e ademais un dicionario de galego, de castelán e de inglés para poder traballar a lectura comprensiva durante as sesións de clase. Ademais todas as aulas dispoñen de computador con acceso á rede. Os departamentos poden experimentar distintas maneiras de introducir uns tempos fixos diarios para a lectura en diferentes materias e en todos os niveis.

- A intención do equipo de biblioteca é recuperar espazos xa habilitados para a lectura noutros cursos, como os vestíbulos dos edificios principais, a medida que as restricións vaian sendo menores.

- Estamos á espera de recibir unha compra de mobiliario que quedou paralizada polo estado de alarma, e posterior desmantelamento da biblioteca, que modernice o espazo e o faga máis versátil. Tamén solicitamos o programa “Radio na Biblio” en colaboración co EDL. Parécenos unha das mellores maneiras de implicar ao alumnado tanto no uso da lingua, como na práctica de distintas fontes e alfabetizacións múltiples.

- RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

Como recursos humanos podemos mencionar:

- A biblioteca do centro necesita recuperar o espazo como centro ao que o alumnado pode recorrer para cubrir múltiples necesidades: espazo de lectura, de estudo, de realización de tarefas, de encontros, recursos de cinema, música, arte...
- O alumnado, principal axente deste plan é arredor do cal xira a maioría das propostas: necesita mellorar a súa competencia lingüística, pide novas lecturas, recomenda, colabora no préstamo, difunde as novidades. Contamos cun grupo de 6 alumnos e alumnas axudantes de biblioteca, de distinto cursos.
- As familias, que teñen un importante papel na motivación, no desenvolvemento e na consolidación de hábitos lectores e que pretendemos incorporar de forma progresiva para, tamén desde a casa, fomentar bos hábitos. Durante o presente curso non traballaremos aínda coas mochilas viaxeiras, agardaremos un ano máis.
- O profesorado proporciona as estratexias necesarias para a adquisición das competencias lingüísticas, para aprender a aprender, motiva para a lectura e a escritura e propón actividades variadas. Ademais, colabora e participa como axente motivador nas diferentes propostas que se fan ao longo do curso.
- O Equipo de Biblioteca, formado polos seguintes profesores: Pilar Melcón (coordinadora, Música), Xavier Crespo (Filosofía), Gloria Rivas (Filosofía), Concha Sabucedo (Xeografía e historia), Dunia Janeiro (Lingua castelá), Nacho Rodiño (Lingua Galega), Elena Martínez (Francés) e Isabel Añón (Economía). Ademais deste equipo temos unha serie de colaboradores que axudan e asesoran en distintas materias: Antonio Sánchez, Felipe Roget, Carlos Maquieira, Sandrine Sánchez e Amparo Vázquez. Este equipo apoia as actividades relacionadas coa lectura e a comprensión, a expresión oral e expresión escrita polo que organiza e propón actividades como:
- Asesoramento e préstamo, formación de usuarios, lecturas nos recreos, recitais poéticos, concursos que implican directamente ao alumnado.

- Fomento das capacidades, das competencias básicas e do uso das TIC a través do manexo do portal de Meiga na rede, emprego dos equipos informáticos da biblioteca, e busca de información.
- Motivación, ambientación e decoración de espazos con exposición de fondos para as diversas conmemoracións e temáticas traballadas ao longo do curso escolar.
- Ademais desas actividades tamén se encarga do rexistro, catalogación, expurgo, selección e adquisición de novos fondos, xestión e organización da biblioteca, formación de colaboradores, exposición e difusión de fondos, guías de lectura
- Quedamos á espera da resolución do programa “Radio na biblio” para formar un grupo de alumnado e profesorado que o poida levar a cabo

Entre os recursos materiais podemos contabilizar:

- O material curricular do alumnado
  - A biblioteca escolar
  - Os ordenadores e o acceso a Internet
  - Orzamento destinado á biblioteca
- ACTIVIDADES PROGRAMADAS
- Por parte do equipo da biblioteca:
    1. Participación do profesorado do equipo de biblioteca na catalogación de fondos e proposta de actividades de dinamización da biblioteca.
    2. Actualización dos carnés de usuarios.
    3. Reorganización de espazos na biblioteca, reubicación de exemplares e expurgo de parte dos fondos (en colaboración cos departamentos didácticos).
    4. Conmemoracións varias ao longo do curso (Día das Bibliotecas, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Día de Rosalía, etc.), en colaboración cos departamentos didácticos.
  - Por parte dos departamentos didácticos:
    4. Lectura de obras completas (mínimo, unha por trimestre en cada curso) nos departamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá. Estas lecturas están recollidas na programación de cada departamento.

5. Lectura de textos pertencentes a variados ámbitos de uso, especialmente ao académico (en todas as materias e niveis).
  6. Recomendación de lecturas que incidirán positivamente no incremento da nota trimestral, nos departamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá.
  7. Encontros con autores e autoras, propostos polos departamentos (Lingua Galega e castelá)
  8. Asistencia de alumnado a actividades organizadas polo concello, ou pola biblioteca municipal. Posibilidade de visitar algunha biblioteca.
- TRABALLO DESDE AS MATERIAS

Todos os departamentos didácticos teñen a responsabilidade de traballar a competencia en comunicación lingüística, co cal deberían incluír este tipo de estratexias na programación anual da materia. Para iso, comprométense a:

- Continuar co traballo xa existente na aula, dedicando un tempo diario á lectura.
- Crear os primeiros itinerarios lectores, que se incorporarán como suxestións de lectura para o verán.
- Crear materiais para mellorar a competencia lectora. Os departamentos prepararán materiais específicos para as materias que se imparten seguindo uns modelos comúns que permitan darlle un enfoque común e facer un seguimento das actividades realizadas.
- Usar todo tipo de textos en diferentes soportes. A biblioteca continúa e continuou durante todo o curso pasado, subscrita a múltiples revistas de diferentes materias...
- Aprender a definir, de forma escrita e oral, o léxico básico que se manexa a diario en cada materia.
- Traballar a comprensión lectora.
- Potenciar a lectura individual e colectiva de textos na clase.
- Practicar a oralidade: resumos, comentarios, debates, exposicións.
- Esixir a necesidade de expresarse correctamente por oral e escrito, adecuando o vocabulario á materia e ao contexto.
- Colaborar na formación documental do alumnado, por medio de traballos individuais ou en equipo, nos que aprendan a manexar información de diversas fontes e a presentar un traballo.
- Esixir unha boa presentación, así como o respecto ás normas ortográficas e de puntuación na elaboración dos textos (nos traballos, nos exames...), fixándose en non mesturar castelán e galego, pois cométense demasiadas interferencias.

- Incluir nas probas de avaliación diversos tipos de preguntas que esixan demostrar as competencias adquiridas: preguntas de resposta inmediata, exercicios de relacionar os conceptos traballados, interpretación de gráficos, mapas, textos...

Contribución das materias

## LINGUA CASTELÁ

### **1º ESO**

- 1.- Lectura obrigatoria dun libro de libre elección por parte do alumnado, con previo visto bo da profesora.
- 2.- *La visita del inspector*. J.B.Priestley. Ed. Vicens Vives.
- 3.- *Las aventuras de Ulises* de Rosemary Sutcliff. Ed. Vicens Vives

### **2º ESO**

- 1.- *Por qué tiene que ser todo tan difícil*. Nando López. Ed. Santillana
- 2.- *El príncipe de la niebla*. Ruíz Zafón. Ed. Planeta.
- 3.- *La dama del alba 1*. A. Casona. Ed. Vicens Vives.

### **3º ESO**

- 1.- *Lazarillo de Tormes*.(Adaptación) Ed. Vicens Vives
- 2.- *Fuenteovejuna*.(Adaptación) Ed. Vicens Vives.
- 3.- *El Cid*. Ed.Teide

### **4º ESO**

- 1.- *La isla del tesoro*. R.L.Stevenson. Ed.Anaya
- 2.- *La casa de Bernarda Alba*. G,Lorca Ed. Vicens Vives
- 3.- *La edad de la ira (novela)*. Nando López. Ed. Espasa.
- 4.- *La mordaza*. Alfonso Sastre. Ed. Castalia

### **1º BACHARELATO**

- 1.- *Cantar de mio Cid* . Ed. La galera
- 2.- *La Celestina*. Fernando de Rojas. Ed. Cátedra
- 3.- *Novelas Ejemplares*. Miguel de Cervantes. Calquera editorial que non sexa adaptación.

### **2º BACHARELATO**

- 1.- *El lector de Julio Verne*. Almudena Grandes.Ed. Tusquets
- 2.- *Romancero gitano*. Federico García Lorca. Ed. Akal
- 3.- *La fundación*. Antonio Buero Vallejo. Ed. Austral

4.- *Crónica de una muerte anunciada*. Gabriel García Márquez.

## LINGUA GALEGA

### **1º ESO**

- 1.- *Chamádeme Simbad*. Francisco Castro. Ed. Galaxia
- 2.- *O misterio de Portomarín*. Antía Yáñez. Ed. Galaxia
- 3.- *Douche a miña palabra*. Fran Alonso Ed. Xerais

### **2º ESO**

- 1.- *Iridium*. Francisco Castro. Ed. Galaxia
- 2.- *O misterio do torque de Burela*. Antía Yáñez. Ed. Galaxia
- 3.- *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*. Leticia Costas. Ed. Xerais

### **3º ESO**

- 1.- *Os nenos da varíola*. María Solar (Galaxia)
- 2.- *Penúltimas tendencias*. Carlos Negro. (Ed. Xerais)
- 3.- *Un de nós mente*. Karen M. McManus. (Sushibooks)

### **4º ESO**

- 1.- *O mal querer*. Natalia Carou. Baía Edicións
- 2.- *Made in Galiza*. Sechu Sende. Ed. Galaxia
- 3.- *Un animal chamado néboa*. Leticia Costas. Ed. Xerais.
- 4.- *Cartas de amor*. Fran Alonso. Ed. Xerais.
- 5.- *Futuro imperfecto*. Xulia Alonso Díaz. Ed. Galaxia.
- 6.- *Remexido de patacas*. Eli Ríos. Baía Edicións

### **1º BACH**

- 1.- *Vento ferido*. Carlos Casares. Ed. Galaxia.
- 2.- *A esmorga*. Eduardo Blanco Amor Ed. Galaxia.
- 3.- *A arte de trovar*. Santiago Lopo. Ed. Xerais.
- 4.- *O lapis do carpinteiro*. Manuel Rivas. Ed. Xerais
- 5.- *Mulleres*. M<sup>a</sup> Carmen Rey. Ed. Toxosoutos.
- 6.- *O espello do mundo*. Ramón Nicolás. Ed. Xerais.



## **2º BACH**

- 1.- *Tantos anos de silencio*. Francisco Castro. Ed. Galaxia
- 2.- *A vida secreta de Úrsula Bas*. Arantza Portabales. Ed. Galaxia
- 3.- *Senlleiras*. Antía Yáñez. Ed. Galaxia
- 4.- *Beleza vermella*. Arantza Portabales. Ed. Xerais.

## 2º BACH LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E ACTUAL.

Listado de autoras e autores de lectura e traballo.

### **Primeira avaliación**

Ramón Cabanillas (poesía, teatro), Manuel Antonio, Castelao (narrativa, teatro)  
Otero Pedrayo, Vicente Risco, Dieste (teatro)

### **Segunda avaliación**

Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Luz Pozo Garza, Xohana Torres, Uxío Novoneyra, Ánxel Fole, Eduardo Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro (narrativa e teatro), Neira Vilas, Ferrín (narrativa e poesía), María Xosé Queizán, Roberto Vidal Bolaño (teatro)

### **Terceira avaliación**

Luís Seoane, Ana Romaní, Manuel Rivas, Yolanda Castaño, María Reimóndez, Agustín Fernández Paz, Teresa Moure (ensaio)

## INGLÉS

O Departamento de Lingua Inglesa ten a disposición do alumnado unha ampla colección de obras tanto de ficción coma de carácter documental, tanto clásicas como modernas e en distintas versións, adaptadas tanto a nivel de vocabulario como na complexidade das estruturas sintácticas, ós coñecementos dos alumnos nos diferentes cursos, así coma publicacións periódicas de diversas temáticas.

No presente curso será obrigatorio para o alumnado de ESO facer unha lectura complementaria e entregar un traballo sobre ela en cada unha das avaliacións. Para o alumnado de Bacharelato esta actividade terá carácter voluntario, se ben o profesorado propiciará que fagan uso deste recurso.

## FRANCÉS

Este departamento dedica en tódalas clases un tempo á lectura, xa que para a realización das tarefas os alumnos teñen que ler os enunciados dos exercicios para poder realizalos. Tamén teñen que ler textos literarios, científicos, turísticos, etc, a partir dos cales traballarán os temas que se lles propoñan. Ademais da información que atopen neses textos o profesorado facilitaralles unha serie de recursos cos que poidan ampliar esa información (enciclopedias, internet, revistas, ...).

Outra actividade cotiá será a busca nos dicionarios das palabras de vocabulario que non entenden e para non esquecer o seu significado facer frases con elas. De cando en vez, poderemos facer textos sinxelos utilizando as estruturas gramaticais, os tempos verbais e o léxico tratado ese día na clase de lectura.

Para fomentar a lectura e a visita regular á Biblioteca do centro entre o noso alumnado, ademais destas actividades, haberá a posibilidade de realizar un traballo opcional sobre un libro de lectura e/ou unha película francesa. Para facelo poden acudir aos fondos da Biblioteca.

Despois de ler o libro deberán facer un traballo coa ficha técnica do libro (título, autor, editorial, ano de publicación, ISBN, ...), un resumo e unha valoración persoal do mesmo, ou realizar as actividades que presenta o propio libro.

## GREGO

Desde esta materia, e tendo en conta o **proxecto lector** do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora como os seguintes:

- Adquirir e consolidar o hábito lector e mellorar a competencia lectora individual: favorecer o uso correcto (oral e escrito) das linguas de ensino-aprendizaxe.
- Consecución das competencias curriculares: axuda na comprensión lectora de textos (ou outro material complementario) que deben manexar nas tarefas escolares; apropiación do vocabulario específico de cada área.
- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partir do lido).
- Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).

Para isto, algunhas das actividades propostas poden ser:

- Dedicación á lectura naqueles temas teóricos da materia, de maneira que esa lectura vaia acompañada coa explicación correspondente do profesorado. Posteriormente, o alumnado podería elaborar esquemas que lle axudasen a estruturar os temas, servindo estes como ferramenta de aprendizaxe.
- Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionados co mundo clásico.
- Lectura persoal dunha obra da literatura grega traducida e/ou adaptada.
- Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia.
- Elaboración dun vocabulario específico das linguas e cultura clásicas.

## XEOGRAFÍA E HISTORIA

Son propostas as lecturas que figuran a continuación.

O profesor de cada nivel indicará a cuantificación das mesmas na nota final.

### **1º ESO**

- Os fillos da Terra (colección) Auel, Jean Marie

- La vuelta al mundo en ochenta días (adaptación de Vicens Vives)

## **2º ESO**

Lecturas aún por determinar

## **3º ESO**

- La vuelta al mundo de un forro polar rojo. Korn, Wolfrang

**4º ESO** ( lecturas recomendadas, deberán escoger dúas, mínimo). Lista aberta

- La ladrona de libros. Zusak Markys
- O lapis do carpinteiro. Rivas Manolo
- Los santos inocentes. Delibes, M.
- Diario de Ana Frank. Válida tamén a versión gráfica
- La guerra civil española. Preston. Novela gráfica

**1º BACH** (lecturas recomendadas, deberán escoger dúas, mínimo). Lista aberta

- Soldados de Salamina. Cercas J.
- Los santos inocentes. Delibes M.
- Nos vemos alla arriba. Lamaitre, Pierre
- Hiroshima. Jersey John
- La fiesta del chivo. Vargas Llosa
- El arte de volar. Altarriba, A. Novela gráfica
- Emocionarte. Del Amor, Carlos

## **MÚSICA**

Dende o departamento de música intentaremos contribuir ao desenvolvemento do Proxecto lector do centro coas seguintes actuacións:

1. Comprensión lectora. Traballaremos este aspecto, facendo lecturas de textos, de letras de cancións, interpretando os pasos das danzas...
2. Expresión escrita e oral, que se traballará a través de breves redaccións de propostas de instrumentacións ou plans de coreografías.

Ademáis o alumnado terá que facer exposicións orais sobre traballos recomendados, empregando un guión, que será revisado pola profesora.

3. Visitas trimestrais á biblioteca do centro para escoller lecturas ou facer algunha actividades que precise empregar os fondos da biblioteca, especialmente os fondos da sección de música.

- **AVALIACIÓN**

A avaliación farase a finais de curso e redactarase unha memoria coas achegas trimestrais da CCP, do Consello Escolar e do Equipo de Biblioteca. Esta será incorporada á memoria do Plan Xeral Anual e terase en conta para elaborar o Plan Anual de Lectura do seguinte curso. Os criterios e procedementos de avaliación serán comparativos con anos anteriores, tendo en conta:

- Grao de satisfacción do alumnado e do profesorado (enquisas)
- Grao de implicación do alumnado, do profesorado e das familias (participación/organización de actividades)
- Número de actividades deste Plan que foron realizadas
- Número de boletíns e guías publicados
- Número de fondos adquiridos
- Número de préstamos
- Orzamento destinado á biblioteca

## **9.2 CLUBS DE LECTURA .**

Dende o curso pasado 2020-21, non contamos con clubs de lectura no centro.

A Dirección do centro informa que presentou este documento ao **Claustro**, e posteriormente ao **Consello Escolar**, que foron convocados no seu momento, para a súa consulta e aprobación, respectivamente.

As programacións dos diferentes Departamentos Didácticos xa foron enviadas no seu momento seguindo instrucións da Sra. Inspectora do Centro.